

Hirosima, o deserto

Chus Pato

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PATO, CHUS (2012 [2012]). “Hirosima, o deserto”. Texto lido na presentación en Santiago de Compostela do libro de Gonzalo Hermo *Crac* (18 de xaneiro de 2012, Biblioteca Ánxel Casal). Edición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1819>>.

* Texto inédito até a súa edición en pdf en *poesiagalega.org*, dispoñíbel desde o 8 de febreiro de 2012 a partir do arquivo facilitado polo autor/a ou autores/as.

HIROSIMA, O DESERTO

Chus Pato

No penúltimo verso do poema que abre “Ollo densísimo” leredes, líchedes xa seguramente dunha coroa que cae, que está caendo. Ao pechar o libro a coroa cae. Final de poemario, final de proceso, aínda que *Crac* non o é: non é unha dialéctica, tampouco garda relación con Kafka, máis ben coma nas dramaturxias de Müller o acto é único. Así podemos lelo, así vou lelo agora, como un dispositivo preparado para esa escena única que é unha insurrección, unha transgresión, un acto revolucionario.

Ben sabedes que no antigo réxime a coroa pertencía ao rei por dereito divino. Cando en 1789 se discute e se pregunta pola soberanía, Sieyes contesta que soberana é a nación; que cousa sexa a nación para o liberalismo de 1789 non me preocupa, aquí interésame saber de que soberano, de que besta se nos informa, se é que se nos informa dalgunha.

Crac é rápido, é enorme, as súas liñas de forza múltiples. Elixo tres camiños, se cadra son catro ou máis.

Un: a besta e o soberano.

Dous: o canon ou a insignificancia do nome de Deus.

Tres: o deserto.

Catro: como orientarse cando un non dispón de mapa.

Hirosima é o actor / *Hirosima é a lei* / *Hirosima tamén eu*, así avanza o siloxismo no poema de Gonzalo Hermo. Se isto é así:

eu son o actor,

eu son a lei,

eu son *Hirosima*.

Se eu son a lei

Hirosima é o soberano.

Se *Hirosima* é o soberano eu son a excepción

pois só *Hirosima* pode decretar o que vive fóra da norma, o estado de excepción

quen o decreta é un actor.

O desexo é un campo de exterminio (páx 18)

A poesía / é un estado de excepción (páx 26)

O desexo / un umbral (páx 27)

O desexo prodúcese / noméase // ... e eu /manteño en tanto as pálpebras / cunha ferida a abrírseme no corpo de / linguaxe (páx 37)

Non erro se sosteño que os campos de exterminio son un estado de excepción.

O desexo é un estado de excepción.

O desexo é un umbral.

Ese umbral abre unha ferida no corpo de linguaxe.

Esa ferida é o poema.

Poema e desexo son un campo de exterminio, un estado de excepción.

Son eu, Hirosima, un actor, o soberano quen así o decide, quen así o decreta.

Hai alguén no poema que procura ao soberano, que se mide con el, que se vende nas sucias tascas de Hirosima, que quixera escribir no seu ollo un ollo inocente, se cadra o ollo dunha soberanía sen domino. Sabe ese alguén que o ollo do actor é o ollo da besta? É o ollo da besta un ollo inocente, un ollo arrasado, o ollo da derrota? É posíbel inscribir nese ollo o desastre sen bombas, nas gabias, a memoria da tribo, dunha tribo á que se lle nega o dereito de proclamarse, de escribirse mesmo se o fai da banda da derrota?

Gonzalo Hermo mídese con el, coa besta co soberano, téntao e lógrao en cada un dos poemas, en cada unha das palabras. Esas palabras proclaman que tal tribo existe, que foi derrotada, que esa derrota é da magnitude de Hirosima e o poema, o poema repite incansábel a súa existencia, o seu dereito a ser inscrita na liñaxe dos servos, dos que non teñen parte, máis parte que a derrota.

Porque a derrota, a derrota permanece, a ruína, o resto, aquilo que non pode ser destruído e que fundan os poetas, aquilo que trastorna todo proceso de significación. *Quixen explicarllo. Falarlle do que queda na memoria da tribo. // Do que nunca se esquece. // Do que se herda (páx 54):* é entón cando a herdanza se converte ela mesma en desexo.

O desexo está dentro de si mesmo coma vontade de saír da súa determinación e lograr a liberdade nun outro que é seu, o desexo non é carencia, é vontade, esforzo, traballo, tensión para ser librado das determinacións propias. É entón cando a memoria existe e reclama para si a xustiza que lle foi negada malia saber que a ningún pobo, precisamente por selo, se lle pode facer xustiza. Tal é o desexo, tal é o umbral tal é a ferida abríndose no corpo de linguaxe.

“A lei”, cito a Maurice Blanchot, “non existe senón pola transgresión pero nada é recíproco entre elas, ningunha relación de simetría; pois, polo mesmo que pola lei toda transgresión non só se refire a ela, senón que a confirma, así tamén, para o paso que transgride, é dicir, realiza o seu máis alá (designando dese xeito o descoñecido), a prohibición non atopa espazo onde lexislar máis que na aventura, o futuro descoñecido que riu sempre do prohibido”.

Escollo Blanchot porque Crac é tamén o poema do visíbel, da lei, da transgresión, da cegueira e do que lle acontece a quen de xeito individual ou como tribo fai viaxe aos abismos onde ningún límite é xa posíbel. Blanchot -íntimo, como sabedes, de Bataille-, sen falo e acéfalo, todo corpo, ámbolos dous, ollo densísimo.

De aí /que deba nomealo rei de Tebas /chamalo Edipo /ollalo de fronte /e dicirlle/ fillo meu /cantas veces te terei que amarrar para que aprendas a sentir a obriga de matarme? (páx 18).

Soberano é aquel que transgride e en consecuencia perde a visión dos ollos. A lei é o visíbel, transgredir é ir ao fondo. Por tras do que non ten límites érguese a ausencia que permanentemente remite á ausencia. O poema xera, o caos retorna. O poema afúndese no Caos, toma apoio no abismo. O poema xera e canta xeracións, non di nunca por vez primeira, repite o mesmo que nunca foi cantando, repite os estraños nomes, o que nunca pode aparecer, balbuce palabras que non o son, de umbral en umbral, de desexo en desexo, de excepción en excepción.

E son dúas as cuestións que se abren: a repetición eterna dos nomes que nunca foron pronunciados: a ausencia de orixe, a copia que non ten orixinal e Sofócles, aquel que cifrou a Edipo como contemporáneo de si mesmo.

Fóra do poema Gonzalo Hermo recoñécese herdeiro da escrita de Jelinek, Duras, Celan, Müller... hai outros/as desde logo. Cada un dos poemas deste libro inscribe o segredo dun nome, o nome dun autor, nomes que un tras outro configuran un canon, canon que o é das obras mestras que conforman o que entendemos por literatura en occidente. Todas elas son tan só o brillante rastro dun paso anónimo, que o poema deitou, na procura do seu vértice extremo, nel se cadra cada autor/autora comparece como a sinatura destinada non a durar, senón máis ben a borrarse.

O Poema (cito de novo e altero a Blanchot) capaz de negar a nada, é tamén o ollo do caos pousado en nós. Un, o poema, é lixeiro, a outra, a ausencia, é inmensamente pesada. O poema é a fenda, a mancha dese sol negro que baixo a aparencia do resplandor outórganos o negativo dun cero, dunha carencia de límites, dunha inesgotábel profundidade negativa. De aí a insignificancia do nome propio, a insignificancia do nome do autor, do canon, do nome de deus na súa vertixe extrema. Cada autor, o canon no seu conxunto nomearía aquilo que, no nome, escapa á nominalización mesma. Eses nomes de persoa riscarían o nome en xeral, persistindo de vez no nomear, é dicir, en chamar, a chamada interminábel ao que non ten nome, ao que aínda non foi dito e se escribe cada vez.

Consumada a transgresión e perdida a vista, Edipo, soberano de Tebas, dialoga sen descanso, é a súa a palabra dun home só, xa que, abandonado polos humanos e polos deuses, tan so dispón do baleiro para conversar sobre a súa sorte inxustificábel, sendo o baleiro o signo e a profundidade que se lle revelou de súpeto pola desgraza do coñecemento.

Todo cae, todo debe caer. Entón pode comezar a desorde dos sentidos, desorde pola que nos desdobramos, converténdonos, para nós mesmos, en compañeiros (contemporáneos) da nosa propia caída. *Refírome ao Magreb, á Alxeria que non é Francia /pero que é francesa. Ás minas de cinc. De cando traballaba por dez francos man a man cos negros / e o país era unha liña de escombros /un campo de balas /un xihad e máis adiante naquilo que dis cando te mexes na cama coas negras /e te chamas a ti mesmo lumpen-proletariado/ Pétain / Vichy / feixista* (páx 20).

Talvez o nome da estranxeira que morde ao meniño, aquela que escribe por el sexa Clío, esa a musa, a historia que sen remate escribe os relatos da gloria (o nome de Deus) e da infamia, que pinta as pestanas de barro no deserto, aquela que leva oculta nos ollos a seña do Pai, o sinal do inimigo, aquela tamén que desde os blocaos do muro atlántico anuncia

a vixencia da trincheira *agora que a historia non parou / e que aínda a liberdade / se fabrica* (páx 26). Aquela, a musa que non é enteiramente humana.

É estreito o tempo, delgado como a cintura da clepsidra e extenso coma as areas do deserto. Do deserto, dos espazos lisos e da arte dos nómades quixera falarvos, é xa imposíbel, esta presentación parece levar o rumbo do que non remata nunca, tal é a riqueza de *Crac*, tal a súa violencia. Quixera tamén falarvos de Carl Schmitt e de cómo rematou os seus días como profesor aquí ao lado, na facultade de dereito. Renuncio, teño que facelo, pero non a dicirvos que este libro nega os catro puntos cardinais *É alí onde nego a posibilidade do sur* (páx 13), negados, négase todo eixo de ordenadas e abscisas, todo paralelo, todo meridiano, incluíndo o ecuador, toda lonxitude, toda latitude, calquera posibilidade dun mapa. *E as dedas pulsan a rede no deserto de Acra* (páx 13) teño para min que este verso pode funcionar de contrasinal para abrir un oriente, a orientación do libro, que non sería outra que a dos nódulos da intensidade, da violencia, da revolución, da guerra civil, do crime. Intensidade que transgride a norma, a lei da identidade sexual, férrea no patriarcado. Debería falarvos aínda da navalla coa que Gonzalo corta os versos ou da inutilidade da multiplicación dos entes, arte na que el é mestre.

Esta presentación remata aquí, pero aínda nos resta un anaquiño de deserto: a autoría... Porque no libro hai un poema CUT e un autor F.C. e non parece tratarse dunha cita. Queda aberta esta liña.

Darche as grazas, Gonzalo, por este libro magnífico e pola honra que para min supón poder presentalo e estar aquí contigo, con Alicia Fernandez, Francisco Cortegoso e Oriana Méndez. A todos vós, pola vosa atención, moitas grazas; e que o deserto nos grafe.